

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE MAIO DE 2018.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO :</u> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e tres minutos do vinteito de maio de dous mil dezoito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	--

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DO DÍA 09/04/2018.-

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias, manifestando que non está o audio da sesión, polo que van a votar en contra da aprobación.

Sometida a votación a aprobación da acta o Pleno do Concello, por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 1 SON DE ARES) e 3 votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 9 de abril de 2018.

PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2017.-

Dase conta do Informe de Secretaria que seguidamente se transcribe:

“De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, procedeuse a formar a Conta Xeral do exercicio económico de 2017, en relación coa cal emítase o seguinte

**INFORME
CONTA XERAL 2017**

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

SEGUNDO. A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigaón formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

- A da propia Entidade.
- A dos seus Organismos Autónomos.
- As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

CUARTO. A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

QUINTO. Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral do exercizo 2017 así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das regras 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrución do modelo normal de contabilidade local) “a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.

De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins

e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

Acto seguinte dase conta do informe sobre Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2017, que seguidamente se transcribe:

**AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CO
MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2017**



Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento da estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento 2017.

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLXEO).
- Orden ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF.
- Guía para a comunicación da execución orzamentaria do 2º trimestre de 2013. Información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro. O dito documento publícase na Oficina Virtual de coordinación financeira con las Entidades Locales, polo que se materializan as obrigas de subministro de información, na súa versión OOe do 06/08/2013.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1)
- Manual do cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención General de la Administración del Estado (IGAE), Ministerio de Economía y Hacienda.
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 2ª edición, IGAE.
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

II.- OBXETIVO DE ESTABILIDADE ENTIDADES QUE COMPONEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS

A.- Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ("corporacións locais" en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local: Concello de Ares.
- Organismos Autónomos: Ningún.
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Ningún.

B.- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

- Sociedade Mercantil: Ningunha.

DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidades dos ingresos e gastos non financeiros orzamentados, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector de Corporacións Locais das Administracións Públicas da contabilidade

nacional. As diferenzas venen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.



A) AXUSTES A REALIZAR EN INGRESOS Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos:

Para a realización dos axustes hase de considerar o Manual de cálculo del Déficit en

Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado pola IGAE, Ministerio de

Economía y Hacienda.

O axuste derivado da aplicación práctica do Regulamento (CE) N» 2516/2000 ven determinado

pola diferencia entre os dereitos recoñecidos pola Corporación Local e a recadación total en

caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de corrente como de exercicios pechados.

En concreto, os dereitos recoñecidos que se ven afectados por este axuste son os rexistrados

nos capítulos seguintes::

- Capítulo 1 "Impostos directos"
- Capítulo 2 "Impostos indirectos"
- Capítulo 3 "Tasas e outros ingresos"

Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, polo contrario, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferencia de valores, disminuirá o déficit en contabilidade nacional.

2017	DR	Recadación Total cobros neta	Axuste
Capítulo 1	1.968.128,74	1.968.128,74	0,00
Capítulo 2	89.604,93	77.865,82	- 11.739,11
Capítulo 3	1.625.276,45	1.419.364,47	-205.911,98
	3.683.010,12	3.465.359,03	- 217.651,09

Capítulo 4 transferencias correntes

Procede efectuar un axuste polos importes que se reintegraron no 2017 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes ós exercicios 2008 e 2009 polo concepto de PTE, 22.242,48 €. (7.533,00+14.709,48).

Polo que, en conclusión, os axustes a realizar sobre os ingresos na liquidación do exercicio 2017, centranse en:

1.- Aplicar como criterio de caixa nos capítulos 1 a 3 de exercicio corrente, pola diferencia entre os dereitos recoñecidos no exercicio corrente e os cobros de corrente e pechados de ditos capítulos.

2.- Polo importe das devolucións efectuadas ó Estado derivadas das liquidacións negativas da PTE, 22.242,48 euros no capítulo 4.



Unha vez aplicados os axustes correspondentes, a situación final a efectos del cálculo de estabilidade, capítulos 1 a 7 quedaría como sigue;

Capítulos	DRN, corrente	Axuste	Total Cap. 1 a 7 axustado
Cap.1	1.968.128,74	0,00	1.968.128,74
Cap. 2	89.542,36	- 11.739,11	77.803,25
Cap.3	1.622.684,65	-205.911,18	1.416.773,47
Cap.4	2.364.994,55	-22.242,48	2.342.752,07
Cap.5	2.412,14	0.00	2.412,14
Cap.6	0.00	0,00	0
Cap.7	320.118,19	0,00	320.118,19
Total cap. 1 a	6.367.880,63	239.892,77	6.127.987,86

) AXUSTES A REALIZAR EN GASTOS;

I.-Gastos realizados pendientes de aplicar ó orzamento (conta 413).

A conta 413 "Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servicios recibidos, para os que non se produciu a súa aplicación ó orzamento sendo procedente a mesma.

Estariamos ante obrigas respecto das que, non habéndose dictado aínda o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, se derivan de bens e servicios efectivamente recibidos pola entidade.

O principio do devengo enunciase con carácter xeral para o rexistro de calqueira fluxo económico e, en particular, para as obrigas. A aplicación deste principio implica o cómputo de calqueira gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

No Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda, prevese que a aplicación práctica do principio mencionado anteriormente ven dada pola diferenza entre o saldo inicial da conta 413, e o saldo final, axustando á alza cando o saldo final sexa superior ou axustando á baixa cando o saldo final sexa inferior.

Saldo inicial conta 413	36.641,57
Saldo final conta 413	125.010,58
Axuste	- 88.319,01

2.- Axuste saldo conta pagos pendentes de aplicación

Ademáis, procede efectuar un axuste polo importe do saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación, como maior gasto do exercicio por un importe de 1.818,48 €".

O Concello Pleno dase por enterado.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO.



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

4.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.

A) Moción BNG: "MANTENIMENTO PENSIÓNS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS.

Dase conta da Moción do BNG, que seguidamente se transcribe:

"MOCION VIA DE URXENCIA PARA O MANTEMENTO PENSIÓNS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS.

Emilio Mesias Farias, portavoz-concelleiro do GM do BNG, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción pola VIA DE URXENCIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego, asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa excusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes, niveis no seu contido e importancia, afondaron n aliña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación



anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo limites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado Español, e unha porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque a suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iver, da auga, da luz, dos carburantes....., Hoxe temos un empobrecimento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistema privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volumen de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comenzo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razón que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizacións por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregonando que a longo prazo non haberá diñeiro para pgar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.



Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis fore nas relacións laborais, a prol do capital.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

*** Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma o mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-Lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para reforma do mercado laboral, o Real Decreto-Lei 5/2013 de 15 de marzo de "medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación do emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.**

*** Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan a clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación do emprego de calidade como ellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.**

Recoñecendo o dereito á xubilización ordinaria aos 65 anos.

Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.



Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.

Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.

Establecer a actualización anual en base o IPC.

Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.

Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.

Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotizacións sociais aquí.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde manifesta que si se retirará o punto das cotizacións votaría a favor da Moción.

O Sr. Mesias Farías, manifesta que por consenso acepta retirar este punto.

Sometida a votación a votación a Moción coa emenda antes proposta, o Pleno do Concello, por 9 votos favor (3 BNG, 5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES) 3 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda prestarlle a aprobación á Moción presentada polo BNG, coa emenda arriba referenciada, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

* Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-Lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para reforma do mercado laboral, o Real Decreto-Lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos



traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación do emprego. Así como de todas a demáis normativas que as desenvolven.

* Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan a clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación do emprego de calidade como ellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.

Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.

Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.

Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.

Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.

Establecer a actualización anual en base o IPC.

Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.

Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Voceiros se teñen algúnha Moción para presentar pola vía de urxencia, non presentándose ninguna.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.



Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra a Sra. Cadena Freire, e pregunta se ten unha previsión para os aparcamentos de verán, en Redes, Estacas, etc.

O Sr. Mesias Farias, manifesta que o tema forestal é unha lacra, e o Concello debería de tomar medidas severas.

A Sra. Martínez Martínez, di que temos dous Plenos sen responder. Pregunta pola problemática da circulación na rua das Pedras, así como as medidas de seguridade na Casa da Rectoral. Tamén pregunta en relación coa estrada de Cervás, e relación coas demolicións dos muros que hai un que non se tira e en concreto en Cervás.

Resposta o Sr. Alcalde, que en relación coa contratación do CIM e Asesoría, que o Servicio se seguiu prestando e pola regra do servicio prestado abonouse sen prexuízo de regularizar, matizando que tamén se devolven moitas facturas. En relación co finiquito dos socorristas, pide a palabra o Sr. Cendán Fernández, para explicar que non estábamos dando os finiquitos e agora sí como noutros Concellos.

En relación co convenio da Casa Rectoral, estanse redactando dous proxecto, un de aseguramento e outro de rehabilitación.

En relación co expediente disciplinario incoado o Policía Local, o mesmo está en fase de instrucción.

En relación coa Rúa Real, xa se puxo o espello.

En relación coas valas a entrada do Concello, dita deficiencia estase solucionando, dado que é un sitio o que acuden os rapaces.

En relación coa casa de Chanteiro, sinala que o convenio coa Diputación, ía ir o Pleno do pasado día 25 e non puido ir, e agora vai a un Pleno extraordinario do próximo día 10 para modificación de cretos, no que se inclúe unha subvención nominativa para o Concello de Ares, por importe de 185.000 euros.

En relación coas prácticas dun petionario do IES Rodolfo Ucha, novamente toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, o cal explica que non había sitio onde ubicar a esta persoa e a posteriori, quedando un sitio cubreuse con outra persoa. Eu persoalmente chamei ó interesado para aclaralo e contestoume que non había problema.



En relación cos aparcamentos expón que en Estacas, ninguen aluga, e en cambio no Raso, están negociando unha finca, pero hai máis dun heredeiro, pero temos outra de reserva.

En Sabadelle, hai unha opción de venda dunha pequena parcela ó lado da Tenencia, cuxos donos están en Porto Rico, cos que xa fixen xestións.

Hai outra finca de Alicia, que a vende se se compra tamén a de Sabadelle.

En relación coa problemática forestal a Xunta de Galicia estase implicando ata o punto, de que por lei vai a permitir a entrada nas fincas, sen necesidade de autorización xudicial.

En relación a Cervás hai un conflito cun propietario do muro, o cal se resiste a que a Deputación o derrube, e a mesma solicitar a preceptica autorización Xudicial.

Finalmente remata a Sra. Martínez Martínez, que nos contratos menores se condicionan á presentación de certificados: AEAT- TSS, e non consta presentación dos mesmos e aínda así aprobouse o pago.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,